


APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



Ilustracións: Tania Solla
Textos: Polo Correo do Vento

CONCEPCIÓN ARENAL

(Ferrol 1820 - Vigo 1893)

Foi unha xurista, escritora,
xornalista e loitadora
pola igualdade das mulleres.

Ao longo da súa vida estudou
a situación das persoas presas nos
cárceres e a condición da pobreza
na sociedade.


Entre súa ampla obra literaria destacamos *Manual del visitador del pobre*, traducida naquel tempo a moitos idiomas e escrita a partir da súa experiencia como visitadora e inspectora de cárceres de mulleres, implicándose polos dereitos das persoas que están en prisión, ou *La mujer del porvenir*, unha das primeiras obras na cal se defende a igualdade biolóxica entre homes e mulleres e o acceso da muller a todo sistema educativo para ser donas do seu futuro.

E ti, queres saber máis?

Sabías que
 Concepción Arenal
 se disfrazou de home para
 poder acceder á universidade
 porque estaba prohibido o acceso ás mulleres?

MULLERES GALEGAS

opina



Cando tiña 21 anos
 decidiu ir á universidade...
 Pero non podía por ser muller,
 así que cortou o pelo,
 puxo unha capa
 e **disfrazouse de home**
 para poder asistir...
 Cando a descubriron,
 o reitor da universidade
 (logo de facer un exame)
 permitiulle asistir...
 pero acompañada dun familiar.

Que opinas destas cuestións?
 Que farías ti se non te deixasen
 ir á Universidade?

MULLERES GALEGAS

Concepción Arenal
loitou toda a súa vida
pola posta en valor do traballo
en igualdade das mulleres.

completa

Dálle ao miolo e atopa os nomes agochados
destas mulleres galegas.

1.

	e		ó		i		a
--	---	--	---	--	---	--	---

	o		u	e		e
--	---	--	---	---	--	---

Futbolista galega. Pista: o campo de fútbol
de Santiago de Compostela leva seu nome.

2.

	a		u		a
--	---	--	---	--	---

	a			o
--	---	--	--	---

Pintora galega, autora da Sorpresa do Trigo.

3.

Á			e		e	
---	--	--	---	--	---	--

A			a		i		o
---	--	--	---	--	---	--	---


Oceanógrafa galega,
descubridora de 22 especies mariñas.



MULLERES GALEGAS

sopa de letras

Topa estas sete palabras agochadas
na sopa de letras que definen a biografía de
Concepción Arenal.



Xornalista, xurista, escritora, inspectora,
valente, feminista, loitadora.

Na súa obra *El trabajo de las mujeres*,
 Concepción Arenal
 propón unha igualdade
 de salario e mesmas condicións
 laborais de mulleres e homes.

MULLERES GALEGAS

colorea




Comproba
as túas
actividades.

MULLERES GALEGAS

soluciona

Sopa:



Frases:

Abride as escolas e han pechar os cárceres.
É un erro inculcarlle á muller que a súa misión única
é ser esposa e nai.
A mellor homenaxe para as persoas boas é imitalas.
Toda gran falta é un acto de egoísmo.

Completa: VÉRONICA BOQUETE
MARUJA MALLO
ÁNGELES ALVARIÑO